

**POR**

**PREGUNTAR**

**QUE NON**

**QUEDE**

**A INMIGRACIÓN E OS DEREITOS  
DOS NENOS E DAS NENAS**



## PRESENTACIÓN



**H**oxe a escola abre as súas portas a todos os nenos e as nenas do mundo. Vimos de Ecuador, Marrocos, Colombia, Camerún, Polonia, Romanía, China, España... Traemos a nosa lingua, os nosos xogos, coñecementos, cancións e, o que é máis importante, os nosos soños.


Os nenos e as nenas temos os mesmos dereitos, naceramos en España ou noutros lugares, sexan os nosos pais e nais españois ou doutros países.


Un deses dereitos é a educación. O dereito a estudar para que cando sexamos maiores, podamos ser condutoras, médicos, arquitectas, electricistas, veterinarios ou gobernantes. E é que queremos chegar a ser o que soñamos.

Os nenos e nenas do mundo temos o dereito a participar, a dicir o que pensamos e a que se escoite a nosa voz.

Non queremos guerras nin violencia. Cremos que temos que coñecérmonos mellor. E é na escola onde aprendemos a convivir.

Todos os nenos e as nenas que acudimos hoxe á escola preparámonos para construír un mundo mellor, máis solidario e máis xusto.





## ¿Que é emigrar?

É deixar a localidade na que vives para te ines vivir a outra parte. É viaxar dun país, unha cidade ou un pobo a outro. Non é igual que ir de vacacións, porque cando emigramos facémolo por máis tempo. É comezan unha nova vida noutro lugar e formar parte del.

Cando unha persoa sae do país no que naceu, é emigrante.

Cando vive no país que elixiu, é emigrante.


# ¿POR QUE EMIGRAMOS?

Ás veces emigramos porque no noso país hai guerra ou porque queremos mellores posibilidades para estudar ou traballar. Tamén hai persoas que viaxan por amor ou simplemente, polo desexo de coñecer outros lugares.

Temos miles de razóns para facer os soños realidade. Cada persoa ten as súas e todas son igual de importantes.



## ¿Dende cando emigramos?



Dende o comezo da Historia dos seres humanos viaxamos alén do mar e da nosa terra. As españolas e os españois emigramos e seguirémolo facendo. Por exemplo, entre 1950 e 1970, partiron miles cara a cidades ou países do mundo enteiro.

## ¿É MÁIS DOADO EMIGRAR HOXE?

É unha decisión difícil e facela realidade tamén. Pero hoxe é máis doado seguir en contacto: grazas aos medios de comunicación como Internet, a televisión ou as conversas telefónicas coas nosas familias e amizades, podemos saber en calquera momento o que pasa no planeta e no noso pobo.

Non importa que vivamos moi lonxe, temos moito en común, moito que compartir e que vivir xuntos. E é que todos somos cidadáns e cidadás desta pequena aldea global que é o mundo.





## ¿QUEN SON AS PERSOAS QUE EMIGRAN?

*Ti e eu. Case todos e todas podemos ser emigrantes nalgún momento da nosa vida.*

*Se a túa familia deixou o pobo para ir á cidade, aí es inmigrante. Se te fuches a outro país a vivir, no teu novo país es inmigrante. Pero chegará un momento no que moitas cousas do teu lugar de orixe e do teu novo país formarán parte de ti: as comidas, as rúas, a lingua, os amigos e amigas...*



# ¿QUE FAN EN ESPAÑA, AS PERSOAS QUE EMIGRARON?

Vivin, traballar, estudar, xogar, rir, namorarse...



Todas as persoas que vivimos nun mesmo lugar somos veciños e veciñas que compartimos as rúas, os xogos, os barrios, as asociacións, os mercados, os colexios, os sindicatos e, tamén, os dereitos e deberes... Xuntos construímos un mundo mellor, máis solidario e feliz.

## ¿Como son as escolas nas que nos atopamos con alumnas e alumnos doutros países?

*Son escolas coas portas abertas ao mundo, nas que todos e todas aprendemos dos demais.*

*Son espazos onde os nenos e as nenas que vimos de diferentes familias, países, pobos ou cidades, podemos contar o que vivimos e compartilo. Así, todos e todas xuntos, construimos unha nova sociedade.*

*Nestas escolas, compartimos novas formas de falar, de contar historias ou de rir. Agora temos máis cancións, contos e xogos. Temos amigos e amigas novos e aprendemos a ver o mundo con outra mirada.*





## ¿Que Dereitos temos as nenas e os nenos?


Todas as nenas e os nenos do mundo temos dereitos. Os dereitos son o que necesitamos para ter unha vida san e feliz, e veñen recollidos nunha lei que se chama a *Convención sobre Dereitos da Infancia*. Nesta lei, recoñécese que cada neno, cada nena, é un ser humano único e irrepetible.

Todos e todas temos dereito a ir ao colexio, a xogar, a comer, a que as persoas adultas nos escoiten, a participar naquelas cousas que nos interesan, a que nos coíden cando estamos doentes, a ter unha familia, unha nacionalidade e un nome e a ser felices.

E porque temos dereitos, ninguén pode ser discriminado pola cor da súa pel, porque naceuse noutro lugar, por ser neno ou nena, nin tampouco polas súas opinións ou crenzas relixiosas.

Os nenos e as nenas temos dereitos e podemos actuar, igual que as persoas adultas, para que se respecten.

# ¿QUE É A CONVENCION SOBRE OS DEREITOS DA INFANCIA?



É a Lei que garante os dereitos da infancia. É un Tratado internacional ratificado por case todos os países do mundo, onde se recollen todas as obrigas que os Estados teñen que cumprir en relación ás necesidades dos nenos e as nenas. Asinouse o 20 de novembro de 1989.

Adoptar a Convención obriga aos Estados a cumprila. Isto supón facer novas leis ou modificar as leis existentes para salvagardar os dereitos das nenas e dos nenos.




Podes ter o pelo rizado e  
crecho ou ondulado como as augas  
dos ríos. Podes ter a pel das cores do arco  
da vella. Podes utilizar a man esquerda ou a  
dereita, podes ser veloz ou lenta, podes ter moitas  
 cousas ou poucas... O importante o realmente impor-  
 tante é que ES UNHA PERSOA ÚNICA,  
IRREPETIBLE E DIFERENTE. INON O ESQUEZAS!

Podes ser hábil coas contas ou coas letras. Podes escoitar na noite como os lobos ou entender a linguaxe coas mans, podes ver como un lince ou ter pouca vista como as toupas. Podes ser hábil como as arañas ou intelixente coma os mouchos. Non é importante onde naceras... O importante, o realmente importante é que PODES CHEGAR A SER O QUE TI SOÑES. ¡NON O ESQUEZAS!





Je parle français  
I speak english  
Eu falo português



Podes falar tres idiomas ou un. Ter pouca ou moita altura. Vivir lonxe ou na casa da esquina. O importante, o realmente importante, é que ES UNHA PERSOA CON DEREITOS. ¡NON O ESQUEZAS!



Ao longo da túa vida atoparaste con centos de persoas distintas. Dalgunha namoraraste, outras serán os teus amigos e amigas. Algunhas ensinaranche cousas importantes. Algunha regalarache un anaquiño da súa vida. Outras pasarán a teu carón e non as volverás a ver... Cruzaraste con nenos e nenas. Todos e todas diferentes e de verdade importantes. Fai que sempre se sintan respectados e queridos.

TES O DEBER DE  
VELAR PORQUE SE  
RESPECTEN OS  
SEUS DEREITOS.  
INON O ESQUEZAS!







Podes chamarte Marta, Laila, Marcos, Laidy, Pepe, Liu Wang, Takashi, Lilaj, Borja, Yuri, Gladis, Inés, Nambi, Leda, Maritza, Andrea, Ahmed, Arundhati... o importante é que **TODOS OS NENOS E TODAS AS NENAS DO MUNDO SOMOS DIFERENTES E ESPECIAIS E TODOS E TODAS TEMOS OS MESMOS DEREITOS. INON O ESQUEZAS!**


# ¿COMO PODEMOS FACER QUE A ESCOLA SEXA DE TODOS OS NENOS E AS NENAS?

BIENVENUE BIENVENIDA WELCOME

☉ Cando chega un compañeiro ou compañeira novo, podemos recibilos cun cartel de benvida en todas as linguas que se falan na nosa clase.



☉ En equipo, podemos facer un gran mapamundi dos países de orixe de todos os nosos compañeiros e compañeiras.



☉ Un día á semana, viaxaremos a un destes países e descubriremos unha das súas tradicións que incorporaremos ao noso calendario escolar.

Podemos visitar a casa dos nosos amigos e amigas. Así coñeceremos á súa familia, os gorentosos pratos que preparaban as súas avoas e poderemos contalo despois a nosas nais e pais.



H a b í a u n a v e z . . .

Alguén da nosa clase escribirá unha frase que será o principio dun conto. A persoa que está sentada detrás continuara e así ata que cada neno ou nena escriba a súa. Será o conto da Amizade.



Pediremos ás nosas familias que escriban algunha historia que teñan vivido ou unhas lembranzas bonitas da súa infancia para facer o "Libro viaxeiro" que iremos pasando de familia en familia. Despois encadernarémolo e o poremos na biblioteca.

🌀 Empezaremos unha colección de xogos do mundo. Preguntaremos a nosos pais, nais, tíos, tías ou avós a qué xogaban no seu pobo ou cidade. Se non viven en España, escribiremoslles unha carta, enviaremoslles un e-mail ou os chamaremos por teléfono. ¿Quizais xogemos aos mesmos xogos todos os nenos e as nenas do mundo?



🌀 Elixiremos entre todos un día do ano escolar como día de festa e pediremos ás nosas familias que participen na súa organización. Cada un e cada unha será responsable dunha parte. Para que todo funcione, hai que participar. É a nosa festa da Solidariedade.



🌀 Faremos un mural moi grande cos nosos soños. Debuxaremos a nosa casa, o noso barrio, a nosa familia... E debuxarémonos tamén. E despois pensaremos... ¿Que queremos ser de maior? ¿Saberemos debuxalo?

🌀 Os rapaces e as rapazas faremos unha lista de cinco cousas nas que somos diferentes. Pero tamén outra lista de cinco cousas nas que somos iguais. E escribiremos o noso libro de Dereitos dos Nenos e as Nenas da nosa clase.



Aprende todo o que poden ensinarche e ensínalles todo o que poden aprender.

# ALGUNHAS PREGUNTAS QUE



¿Por que agora se fala máis da inmigración?



¿Por que me vou dun país para vivir noutro?



¿Por que existen as fronteiras?



¿Os nenos e as nenas que vimos doutros países temos dereito a ir ao colexio? ¿E a universidade?



¿Por que nas escolas con nenos e nenas de distintos países apréndese a convivir mellor?



¿Que preguntas te fas ti?

# PODEMOS FACER NA CLASE



¿Que é o racismo?




¿Por que é necesario loitar contra o racismo?



¿O que eu aprendín na escola do meu país é importante na miña nova escola?



¿Por que as persoas adultas cústalles tanto responder ás nosas preguntas?



¿Que respostas tes ti?

Coordinación: FETE-UGT y CIDE (Centro de Investigación y Documentación Educativa). Ministerio de Educación y Ciencia.

Textos: Luz Martínez Ten FETE-UGT  
Liga Española de la Educación y la Cultura Popular

Ilustración y diseño: Mauricio Maggiorini [www.mmaggiorini.com](http://www.mmaggiorini.com)

## UN PROYECTO DE:

**FETE-UGT**



Centro de  
Investigación y  
Documentación Educativa  
**cide**

## COLABORAN:



Liga Española  
de la Educación  
y la Cultura Popular



**iSCOD**  
**UGT**  
*trabajo solidario*



MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ASUNTOS SOCIALES



MINISTERIO  
DE ASUNTOS EXTERIORES  
Y DE COOPERACIÓN

SECRETARÍA DE ESTADO DE  
INMIGRACIÓN Y EMIGRACIÓN

DIRECCIÓN GENERAL DE INTEGRACIÓN  
DE LOS INMIGRANTES



AGENCIA  
ESPAÑOLA DE  
COOPERACIÓN  
INTERNACIONAL

Páginas Web:

[www.aulaintercultural.org](http://www.aulaintercultural.org)

[www.rayuela.org](http://www.rayuela.org)

[www.mec.es/cide](http://www.mec.es/cide)

[www.fete.ugt.org](http://www.fete.ugt.org)